

Guerra e literatura galega

Que un libro como o que nos ocupa - *Guerra civil e literatura galega* (1936-1939), coordinado por Xesús Alonso Montero e por Miro Villar-, que ten a súa orixe na celebración, en decembro de 1999, dunhas xornadas de estudo arredor da guerra civil e mais a literatura galega, patrocinadas polo Consello da Cultura Galega, aparecese publicado arestora e, aínda máis, que tal volume estea situado no primeiro lugar de vendas nalgunha listaxe de libros ensaísticos máis demandados nestas últimas semanas, vén confirmar o interese que suscita este tema entre o gran público e ao tempo confirma a ansia de coñecemento verbo do que realmente supuxo o conflito bélico do trinta e seis para a literatura galega daquel período e para a que veu despois, isto é, pode axudar a responder a cuestións clave como poden ser: quen e como encaron a práctica da creación literaria os que así puideron facelo, en que grao sufriron a represión, que asuntos ocuparon aos nosos escritores, en que lingua, en que lugares...?

Ao tempo, talvez a publicación deste libro é quen de silenciar elocuentemente e con probas evidentes que a guerra civil só é un asunto histórico que a poucos interesa; moi polo contrario a súa sombra está a deixar de ser impenetrable e o desvelamento vago-roso de todas as súas causas, actores e consecuencias goza hoxe en día, máis de setenta anos despois do seu comezo, dunha proxección talvez inusitada, sobre todo no que se refire a estudos críticos e mesmo á recreación literaria de acontecementos que dela se derivaron, ou que nela se produciron, como amosan, por só citar dúas, as últimas, e magníficas, pezas narrativas de Manuel Rivas ou Suso de Toro.

É este, así pois, un denso e elocuente libro, no que todos os seus colaboradores merecen ser destacados

Unha colectánea ensaística




RAMÓN NICOLÁS

pois en todos eles converxe non só o interese e singularidade das achegas realizadas, senón que mesmo o discurso expositivo que exhiben, nas máis das ocasións fluído e rigoroso, facilita o seu acceso para calquera interesado. Velaí, xa que logo, a elucidadora achega que inaugura o volume da man do

profesor
Alonso

rrativa actual), X. Manuel Maceira (que desvela datos descoñecidos de Leandro Carré Brandariz), Xulia Marqués (sobre o xornal *El Compostelano*), Olga Novo (arredor dun manifesto político en *Grou*), Armando Requeixo (que se achega á obra de Aníbal Otero), C. Rodríguez Fer (ofrecendo unha visión xeral sobre a literatura Galega na Guerra Civil) e outras colaboracións igualmente interesantes de T. Seara, Lois Vázquez, Miro Villar, X. Redondo Abuín, o xa desaparecido Borobó, Manuel Dourado e Avelino Pousa Antelo, quen pon o ramo a unha obra completa na que cumpriría, finalmente, destacar os abondosos documentos que se incorporan nesta edición: retallos de



Montero baixo o título de “Presenza da lingua galega nos libros de lectura, na escola primaria, nos primeiros anos do Franquismo”; ao que seguen as colaboracións de Gonzalo Bouza-Brey Villar (sobre Luís Bouza-Brey), Concepción Delgado (que se centra en Celestino Luís Crespo e as súas Brétemas mariñás”), X. G. Ferreiro Fente (que se interna na obra de Paz Andrade), X. Ramón Freixeiro (achegándose a Noriega Varela), I. López Silva (afondando na memoria histórica na na-

prensa, caricaturas, prosas e poemas inéditos, mesmo un vocabulario case que descoñecido, que fan deste volume unha útil ferramenta de coñecemento. Todo un acerto.

ALONSO MONTERO, X-VILLAR, Miro (coord.) *Guerra Civil e literatura galega* (1936-39), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 263 páxinas